BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Mércores, 4 de agosto de 2021
Núm. 148

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IIVTNU

E D I C T O

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 26.07.2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, polo que atinxe ao artigo 7 relativo ás bonificacións e ao artigo 9 en canto ás normas de xestión.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación: